

B.3. UNIDADE 10 ROMA

10.1.ROMA, DA ALDEA AO IMPERIO

Roma, situada nas beiras do río Tíber, ocupa unha posición central na Península Itálica e no Mar Mediterráneo. O seu relevo é montañoso na zona SO (Apeninos), e no norte destaca chaira do río Po.

No século VIII, tempo en que naceu Roma, a península encontrábase habitada polos etruscos, latinos e gregos, entre outros pobos.

Conta a lenda que Rhea Silvia tivo co deus Marte dous fillos xemelgos aos que chamou Rómulo e Remo.

Tras o seu nacemento abandonounos ás beiras do río Tíber, onde foron salvados e aleitados por unha loba.

Pouco tempo despois, un pastor recolleunos e criounos ata a adolescencia, momento no que crearon unha cidade nova. Os dous irmáns pelexaron e Remo morreu na contenda. Rómulo converteuse deste xeito no primeiro rei da cidade que acababan de fundar, á que chamou Roma en honra do seu irmán falecido.

A realidade é un tanto diferente. A civilización romana naceu na Península Itálica, un territorio habitado por diferentes pobos:



10.2.A HISTORIA DE ROMA

<https://www.youtube.com/watch?v=wW6ZSGNq9HU> VIDEO 2 (HªDE ROMA)

Podemos dividila en tres etapas:

1. MONARQUÍA (753-509 a.C). Tras a súa fundación lexendaria por Rómulo, se instaura unha monarquía de reis latinos e etruscos que gobernou a cidade. O rei apoiábase no Senado para dirixir Roma

2. REPÚBLICA (509-27 a.C). Comenza cando os cidadáns romanos elixían os seus representantes e o poder repartíase en tres institucións:

- **Comicios** ou asembleas populares (poder lexislativo, fan as leis),
- **Maxistrados** (cónsules, pretores, censores... con poder executivo, vixían que se cumpran as leis)
- **Senado** (inicialmente consultivo, foi acaparando pouco a pouco poderes).

Durante a República, Roma expandiuse territorialmente, chegando a dominar:

- A península Itálica (500-250 a.C) fronte aos pobos celtas no norte e os gregos no sur.
- O Mediterráneo occidental (264-146 a.C) nas denominadas Guerras Púnicas fronte aos cartaxineses. Conquistan a península Ibérica
- O Mediterráneo oriental (século II a.C -século II d.C)

3. IMPERIO (27 a.C -476 d.C). Augusto asume todos os poderes, dando inicio ao Imperio no que podemos destacar:

A PAX ROMANA (séculos I e II d.C), caracterizada pola paz social, política e económica, constituíndose na época de máximo esplendor de Roma. O Imperio acada a máxima expansión e máis alá das súas fronteiras só hai "pobos bárbaros".

Este imperio foi posible grazas a un poderoso EXÉRCITO que aplastaba aos seus inimigos

[VIDEOS 3 - 4 Exército](#)


A CRISE DO SÉCULO III estivo motivada por diversas causas:

- corrupción política.
- presión nas fronteiras dos pobos bárbaros.
- aumento dos impostos.
- difícil mantemento das comunicacións,
- crise artesanal e comercial e alza dos prezos...

Todo isto foi que levou o Imperio romano a súa caída e ruptura

O FINAL DO IMPERIO, o fixamos cando no ano 395 se divide no Imperio Romano de Occidente e o Imperio Romano de Oriente. No ano 476 os xermanos depuxeron ao último emperador romano de occidente

El Imperio Romano

 imprimir



10.3. A ECONOMÍA ROMANA

A AGRICULTURA. A partir de innovacións técnicas (aboamentos, regadío, barbeito, rotación de cultivos, arado romano...), Roma mantívose a partir dunha agricultura moi produtiva (triloxía mediterránea, legumes e froiteiros) realizada en pequenas ou grandes propiedades (vilas traballadas por colonos e escravos)

A ARTESANÍA era unha actividade urbana, cuxos produtos máis importantes eran os téxtiles, a cerámica, as armas... ademais dos agroalimentarios (viño, pan, aceite e salgaduras).

O COMERCIO. Roma abastecía das materias primas provenientes das súas provincias ou de rexións exteriores, polo que a amplitude das distancias estimulou a creación de rutas comerciais a partir dunha rede de calzadas e fixo necesario o uso masivo dunha moeda uniforme.

10.4. A SOCIEDADE

Podemos dividir á sociedade romana nos seguintes grupos: PATRICIOS, minoría nobiliaria que posuía dereitos políticos e gozaba dunha boa posición económica.

PLEBEOS, maioría que só posuía algúns dereitos políticos, polo que se enfrontaron aos patricios, obtendo un maxistrado propio, o Tribuno da Plebe, e posteriormente a igualdade de dereitos.

ESCRAVOS. Traballaban na agricultura, as minas, a artesanía, as tarefas domésticas... Chegábase á escravitude por ser prisioneiro de guerra, por débedas ou por ser fillo de escravo. Se eran liberados convertíanse en libertos.

10.5. A RELIXIÓN

Os romanos adoraron moitos deuses, que podemos clasificar en: OS DEUSES DOMÉSTICOS (lares, manes e penates) eran os protectores do fogar.

OS DEUSES DO ESTADO (moitos deles adoptados do mundo grego como Júpiter, Apolo ou Venus) eran adorados en cerimoniais públicas no exterior dos templos.

Deus grego	representa	Deus romano
ZEUS	Deus supremo	XÚPITER
ATENEA	Sabiduría	MINERVA
DEMÉTER	Terra	CERES
ARES	Guerra	MARTE
HERA	Matrimonio	XUNO
HERMES	Viaxes e comercio	MERCURIO

AFRODITA	Amor beleza	VENUS
POSEIDÓN	Mar	NEPTUNO
ARTEMISA	Caza e vexetación	DIANA
HEFESTO	Fogo e metais	VULCANO
APOLO	Música e oráculos	FEBO
DIONISIOS	Viño	BACO

https://www.youtube.com/watch?v=FUe_sXGTbMw

CRISTIANISMO: No século I apareceu unha nova relixión, o cristianismo, monoteísta, igualitaria e que se negaba a render culto ao emperador, polo que foi perseguido por varios emperadores ata que no ano 313 (Constantino, Edicto de Milán) foi decretada a liberdade relixiosa, e despois, no ano 380, o cristianismo foi declarado como relixión oficial do Estado.

<https://www.youtube.com/watch?v=PgIKhHB3Ems>

10.6. A CULTURA e A ARTE

A cultura romana difundíuse grazas ao uso dunha lingua común, o latín. Os romanos destacaron en:

O dereito romano, base das leis actuais no mundo.
 A filosofía, con pensadores como Séneca e Cicerón.
 En literatura destacan Virgilio, Plauto e Terencio.
 En historia, Julio César, Tácito, Plutarco e Tito Livio.
 En medicina, Galeno.
 Ademais, os romanos estableceron o chamado calendario xuliano (por Julio César), base do noso calendario actual.

A ARTE os romanos destacaron en arquitectura:

Acueduto → Transportar auga cara ás cidades → Uno ou varios pisos de arcos apoiados en piares
Anfiteatro → Loitas de gladiadores e feras, así como combates navais simulados → Estaba formado pola area e a bancada
Arco de triunfo → Conmemorar algún feito importante ou unha vitoria militar → Tiña varias entradas formadas por arcos
Basílica → Celebrar reunións, xuízos ou actividades comerciais → Tenía unha nave central sostida por columnas
Calzadas → Estradas que nos permiten desprazarnos dun lugar a outro → Varias capas de pedra sobre as que se colocan grandes lousas planas
Circo → Carreiras de carros Con forma rectangular → dispoñía dunha bancada que rodeaba todo o percorrido
Ponte → Para salvar ríos → Consta de varios arcos semicirculares que descansaban sobre piares

Teatro→ Se representaban comedias e traxedias →De forma semicircular, estaba formado pola bancada, a orquestra e a escena

Templo →Casa dos deuses Rectangular ou circular →destacaba o frontón que remataba a estrutura sostida por columnas

Termas→Baños públicos →Constaba de varias salas: vestiario, baño frío, baño morno, caldeira...

En escultura, imitaron vos gregos e destacaron tanto non retrato, realista ou idealizado, e nos relevos históricos (en arcos de triunfo ou en columnas conmemorativas).

Realizaron, ademais, pinturas ao fresco para decorar os edificios e mosaicos cos que embelecían paredes e chans.

VIDEO ARTE ROMANA: <http://www.youtube.com/watch?v=lcAz9JubJK0>

10.7. OS POBOS XERMANOS

Os pobos xermanos estaban asentados máis alá do Rin e do Danubio. Vivían en aldeas e organizábanse en tribos; practicaban a caza, a gandaría e a agricultura, e cando as terras se esgotaban emigraban buscando outras mellores. Eran politeístas e os seus deuses eran forzas da natureza. As súas manifestacións artísticas eran sinxelas e centradas na ourivaría.

A partir do século III, diversos pobos xermanos comezaron a introducirse no Imperio, algúns de forma pacífica, mediante pactos cos romanos, e outros de fiorma violenta.

Este foi o caso dos hunos, a finais do século IV, que, procedentes da Asia central, se estenderon polas terras dos pobos xermanos, obrigando estes a penetrar no Imperio Romano. Incapaz de resistir tal presión, o Imperio Romano de Occidente caeu no ano 476.

10.8. A HISPANIA ROMANA

Entre os séculos X e III a.C establecéronse na Península xentes de pobos mediterráneos atraídas pola riqueza mineira destas terras. Elixiron as costas mediterráneas, onde fundaron colonias e factorías, a partir das cales influíron nos pobos autóctonos (novos cultivos e novas técnicas agrícolas, técnicas artesanais, minaría, escritura, uso da moeda). O último destes pobos colonizadores, os cartaxineses, pasaron da fundación de colonias á conquista territorial, proceso no cal chocaron con Roma e provocaron a súa entrada na Península Ibérica.

No ano 218 a.C, e no contexto do enfrontamento dos romanos cos cartaxineses polo dominio do Mediterráneo occidental (Guerras Púnicas), os romanos desembarcaron en Emporion e iniciaron a conquista romana da Península Ibérica, que se desenvolveu en tres fases:

- 1) 218-197 a.C Roma venceu aos cartaxineses e ocupou o litoral mediterráneo, parte do val do Ebro e o val do Guadalquivir.
- 2) 197-29 a.C Roma dominó o centro e o oeste peninsular tras vencer a lusitanos e celtiberos.
- 3) 29-19 a.C Roma ocupou o norte peninsular tras vencer cántabros e astures.

Fases de la conquista romana



Tras a conquista produciuse a **ROMANIZACIÓN**, isto é, a adopción por parte dos pobos conquistados da cultura e das formas de vida romana: uso do latín, fundación de cidades, Dereito romano, escravismo, moeda, técnicas e usos económicos, relixión, arte...

O exército romano, os comerciantes e os funcionarios axudaron nesta tarefa, conseguindo ao final un resultado desigual: zonas moi romanizadas (sur e costa mediterránea) e pouco romanizadas (meseta e norte).

DIVISIÓN TERRITORIAL. Hispania foi dividida nun principio en dúas provincias (Citerior e Ulterior), despois en tres (Tarraconense, Bética e Lusitania) e, por último, en 6 (Tarraconense, Bética, Lusitania, Gallaecia, Cartaginense e Baleárica). Á fronte de cada provincia había un gobernador.



Provincias romanas en 56 a.C.



Provincias romanas en tiempos de Augusto (27 a.C. - 14 d.C.)



Provincias romanas tras las reformas de Diocleciano

AS CIDADES eran dirixidas polos duumviros, edís e cuestores. Fundáronse **NOVAS CIDADES** onde se construíron os edificios típicos romanos: teatros (Emérita), anfiteatros (Itálica), circos (Sagunto), termas (Tarraco), templos

(Baelo), arcos de triunfo (Bará), acuedutos (Segovia e Emérita) e pontes (Alcántara).

A SOCIEDADE dividíase en persoas libres (cidadáns e non cidadáns) e escravos.

HISPANIA CONVERTEUSE NUNHA PROVINCIA ABASTECEDORA DE ROMA.

Os produtos da triloxía mediterránea na agricultura, das distintas especies gandeiras, das grandes riquezas mineiras, das industrias agroalimentarias... eran transportados a Roma a través dunha extensa rede de calzadas (Vía da Prata e Vía Augusta) e portos.

AS VILAS HISPANORROMANAS eran explotacións agrícolas e gandeiras autosuficientes que contaban, ademais de vivendas para o señor e os traballadores, con dependencias de almacenaxe (cortes e celeiros), industriais (carpintaría, ferraría e fabricación de cerámica) e de transformación (múíño de gran, almazara e lagar).

O LATÍN desprazou o resto de linguas faladas na península. Adoptouse o sistema educativo e xurdiron figuras como o filósofo Séneca, os poetas Lucano e Marcial, e o agrónomo Columela.